

RESUMO EXECUTIVO

do Informe de Progreso 2022 da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

SECRETARÍA DE ESTADO
PARA LA AGENDA 2030



AGENDA
2030

Publica:

Secretaría de Estado para la Agenda 2030 · Ministerio
de Derechos Sociales y Agenda 2030



Diseño y maquetación:

Editorial MIC

RESUMO EXECUTIVO

do Informe de Progreso 2022 da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030

INTRODUCCIÓN

O pasado 25 de setembro cumpríronse sete anos dende que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e, dende entón, son moitas as áreas nas que se lograron avances significativos para abordar os grandes obxectivos que esta folla de ruta compartida se fixou no ano 2015, tales como a erradicación da pobreza, a redución da desigualdade en todas as súas formas, a transición cara a un modelo produtivo sostible ou o freo á crise climática, por citar só algúns deles.

Con todo, a complexidade dos tempos que vivimos, marcados pola irrupción da crise sanitaria da COVID 19 ou, máis recentemente, a invasión de Ucraína por Rusia en febreiro de 2022, levounos a un panorama pouco alentador a nivel global, tal e como reflicten numerosos indicadores. Así, asistimos a un retroceso significativo na loita contra a pobreza e a desigualdade global, xa que a desigualdade aumentou entre os distintos países e tamén dentro das fronteiras de cada Estado, facendo que a brecha de ingresos entre os territorios máis ricos e os máis pobres se incrementara por primeira vez nunha xeración e a taxa de pobreza laboral crecera por primeira vez en dúas décadas. Ademais, a pandemia puxo de manifesto a debilidade dos servizos públicos en moitos países, á vez que os datos nos mostran que é necesario actuar de forma máis rápida e profunda para corrixir a crise climática, pois a xeración de CO₂ relacionada coa enerxía, por exemplo, aumentou un 6 % en 2021 até alcanzar o seu nivel máis alto da historia.

A concreción de ameazas que anos atrás eran moito máis difusas, como a crise climática, e a aparición de eventos disruptivos que non formaban parte de ningunha posible previsión hai sete anos, poden xerar un clima social que tenda á angustia, á incerteza e, finalmente, ao pesimismo. Mostra diso é que fenómenos como a depresión ou a ansiedade aumentaron, especialmente entre as persoas novas e as mulleres. Precisamente este último colectivo, que representa a máis da metade da poboación mundial, segue sufrindo a desigualdade de forma particularmente intensa e ten aínda moito camiño por percorrer até alcanzar unha igualdade plena de dereitos e liberdades.

No contexto europeo, aínda que marcado pola inestabilidade xerada pola guerra de Ucraína que afecta a elementos clave para a consecución das metas da Axenda 2030, os indicadores reflicten avances notorios na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, sobre todo naqueles relacionados coa solidez institucional, a redución da pobreza e da exclusión, o uso de enerxías limpas ou a innovación e as infraestruturas. Destaca tamén a decisión de incorporar a análise da evolución dos ODS nas recomendacións específicas para os Estados membro que se xeran anualmente no marco do Semestre Europeo, integrando con iso a Axenda 2030 como parte do exercicio de coordinación de políticas no marco comunitario.

No caso de España, o noso país aspira a ser un referente no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e na implementación da Axenda 2030, téndose completado, dende a constitución do actual

Goberno de coalición, unha serie de fitos que permitiron acelerar o seu despregamento e que dan mostra do compromiso con esta folla de ruta e coa rendición de contas. A este respecto, a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 en xuño de 2021, un documento que profunda o compromiso de España co logro da Axenda 2030, traduce os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible en oito grandes retos de país e fixa que políticas públicas poden permitírnos abordalos con éxito, orientando, así, as grandes transformacións estruturais que permiten alcanzar o país que queremos ser en 2030.

O Informe de Progreso 2022 é o primeiro tras a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 e a primeira ocasión na que a análise se realiza no marco dos seus compromisos. O documento dá continuidade ao labor sostido de avaliación e mellora que se vén realizando dende o ano 2019, informando ante as Nacións Unidas e a cidadanía española dos logros conquistados no último período e expondo cursos de acción para superar os desafíos detectados, con novos compromisos para acelerar as transformacións pendentes e contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Este documento, en definitiva, evidencia que nun contexto global complexo o noso país pode e debe aspirar a xogar un papel destacado nas transformacións necesarias para abordar os retos pendentes, sendo necesario seguir impulsando as políticas aceleradoras e as prioridades de actuación que compromete a Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, así como continuar fortalecendo o goberno colaborativo co conxunto de Administracións Públicas e actores da sociedade civil implicados na mesma dende un enfoque multinivel para, finalmente, conseguir construír sociedades máis xustas, máis sostibles e máis democráticas en todo o mundo.

AVANCES NA IMPLANTACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

O conxunto de avances na implantación da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030 artículase ao redor dos oito retos de país e as súas correspondentes políticas aceleradoras do desenvolvemento sostible, achegándose un diagnóstico xeral de situación para cada un deles a partir dos indicadores definidos para cada un destes ámbitos en base aos datos máis actualizados dispoñibles. Seguidamente, inclúense as actuacións máis estratéxicas desenvolvidas pola Administración Xeral do Estado, ás que se sumou a información proveniente das comunidades autónomas, cidades autónomas e entidades locais, estas últimas, representadas a través da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), para achegar así a necesaria mirada territorial.

Reto País 1

ACABAR COA POBREZA E A DESIGUALDADE.

O diagnóstico de situación en relación co reto país 1 indica que a renda anual media mantivo unha traxectoria estable ou de crecemento, apreciándose un incremento neto acumulado da renda entre 2015 e 2021, independentemente do tipo de actividade exercida, o cal inclúe a persoas xubiladas, inactivas e paradas. Estas últimas viron a súa renda aumentar mesmo en maior medida que os demais grupos. Un repunte que vén impulsado por políticas públicas activas para a mellora das condicións económicas de diversos grupos sociais, como son o incremento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), a revalorización das pensións e outras dirixidas a mitigar os efectos da paralización e redución da actividade no ano 2020, como os ERTE.

Globalmente, o crecemento das rendas acompañouse dunha redución da desigualdade, algo que se traduciu o coeficiente de Gini (con aluguer imputado) tamén informe sobre a diminución da desigualdade en España durante o período 2015-2020. En 2020 situouse por primeira vez por debaixo de 30, aínda que se constata un incremento de 0,7 puntos no ano da pandemia que deixa, non obstante, os niveis de desigualdade por debaixo do rexistrado en 2015. Ademais, conforme aos indicadores de Eurostat, as transferencias sociais (incluídas as pensións) contribuíron a unha redución da desigualdade equivalente a 15,8 puntos de Gini en media. Este efecto redistributivo contribuíu, entre 2020 e 2021, a amortecer o efecto da pandemia sobre a desigualdade en España. Proba diso é que, mentres o coeficiente Gini, antes de transferencias sociais se incrementou un 6,8%, o indicador postransferencias sufriu un aumento de menos da metade (2,8%)

Por outra banda, entre 2015 e 2021, a probabilidade de estar en risco de pobreza ou exclusión social caeu un 3,1 % en España, aínda que esta diminución foi inferior á rexistrada polo conxunto dos países da UE 27 (9,6 %). A partir de 2020, coa irrupción da crise sanitaria, a boa senda crébase con resultados moi dispares por grupos sociais: as mulleres, as persoas estranxeiras de fóra da UE e os fogares monoparentais con menores a cargo, na súa maioría encabezados por mulleres, son os principais afectados. No entanto, cabe sinalar que, aínda que no período 2020-2021 o risco de pobreza e exclusión social aumentou en 0,8 puntos porcentuais, a porcentaxe de persoas en fogares con carencia material e social severa reduciuse dúas décimas, até o 8,3%. Pola súa parte, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social da poboación infantil acada entre catro e cinco puntos porcentuais máis que a taxa media do conxunto da poboación, sendo a brecha do ano 2021 (5,6 %) similar á do ano 2015. Esta situación mostra a necesidade de reforzar estratexias de redución da desigualdade, como a mellora continuada do SMI aos niveis recomendados pola UE e reforzar os mecanismos de protección social en fogares con menores.

Noutro sentido, a porcentaxe de poboación con gasto elevado en vivenda diminuíu de maneira lenta pero paulatina no período 2015-2020, beneficiando esta tendencia a ambos sexos, aínda que persiste a brecha de xénero, así como a todos os rangos de idade. Non obstante, segue sendo a poboación máis nova, e especialmente os menores de 16 anos e o rango de idade de 25 a 34, quen ten maiores dificultades e, por tanto, máis barreiras para desenvolver unha vida independente. A poboación de menos renda tamén se destaca sobre o resto. O primeiro decil alberga máis dun 50% de poboación con gasto elevado en vivenda, fronte ao 11,2% soportado polo decil inmediatamente superior. Esta situación suxire a insuficiencia de vivendas sociais en aluguer que faciliten o acceso ao dereito á vivenda da poboación con maiores dificultades para exercer o seu dereito á vivenda.

En definitiva, as políticas públicas implementadas nos últimos anos e as medidas focalizadas para facer fronte á crise social e económica causada pola pandemia da COVID-19 foron fundamentais para mitigar o impacto da crise sanitaria. Entre 2019 e 2020 incrementouse practicamente nun cuarto o peso do gasto público sobre o PIB para enfrontarse á crise, un esforzo que colocou a España en terceiro lugar a nivel europeo e que practicamente duplica os realizados pola UE-27 no seu conxunto e polos países con maior peso económico na UE. A pesar diso, o reto para reverter a tendencia á alza xerada pola pandemia e alcanzar os

obxectivos de redución do risco de pobreza establecidos na Estratexia de Desenvolvemento Sostible é de gran magnitude. Segue sendo fundamental continuar implantando medidas que reduzan a precariedade laboral, amplíen os dereitos sociais e diminúan as brechas entre diferentes colectivos e grupos de poboación, así como asegurar o acceso á vivenda e á enerxía. En canto ás medidas e avances nas prioridades de actuación deste reto país 1, a súa política aceleradora centrada na “Transición social. Redistribuír a riqueza e garantir dereitos” busca fortalecer o sistema de protección social, mellorar a súa capacidade redistributiva e garantir que chegue ao conxunto da poboación, particularmente a aquelas persoas, grupos sociais e colectivos que se atopan nunha situación de maior precariedade e vulnerabilidade.

Así, un destes avances ten que ver coa aprobación e desenvolvemento do Plan Operativo 2021 de Desenvolvemento da Estratexia Nacional de Prevención e Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social 2019-2023 (ENLPES 2019-2023), establecendo o marco xeral da acción de goberno para dar cobertura ás necesidades sociais da cidadanía e, particularmente, aos colectivos vulnerables en situación de pobreza e exclusión, en consonancia cos principios do Pilar Europeo de Dereitos Sociais. Así mesmo, déronse novos pasos adiante con medidas como a mellora do Ingreso Mínimo Vital, cuxa contía se incrementou nun 15 % para protexer ás familias máis vulnerables da escalada dos prezos froito da guerra de Ucraína e reducir así o risco de pobreza. En efecto, as melloras na súa configuración e cobertura, culminaron na aprobación da Lei 19/2021, de 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.

En relación á pobreza infantil, os avances articuláronse a través do Programa de protección á familia e atención á pobreza infantil e da aprobación do Plan de Acción Estatal 2022- 2030 para a Implantación da Garantía Infantil Europea en España, este último estruturado ao redor de tres eixos estratéxicos de actuación: a loita contra a pobreza infantil e o reforzo da protección social da infancia e a adolescencia; a universalización dos dereitos sociais mediante o acceso e goce efectivo de servizos esenciais de calidade, accesibles e inclusivos; e a promoción da equidade territorial, así como das contornas protectoras, inclusivas, igualitarias e participativas. En relación tamén coa protección social ás familias e a atención á pobreza infantil, débese destacar o Anteproxecto de Lei de Familias para favorecer a protección social e o recoñecemento xurídico da diversidade de estruturas familiares, permitindo o recoñecemento legal dos distintos modelos de convivencia familiar e garantindo a equidade e igualdade de trato a todos eles, todo iso ademais mellorando a protección social, xurídica e económica das familias, especialmente das máis vulnerables.

O compromiso coa atención focalizada a colectivos en situación de particular vulnerabilidade fronte ao risco de pobreza e exclusión social evidénciase tamén na apro-



bación e desenvolvemento da Estratexia Nacional para a Igualdade, a Inclusión e a Participación do Pobo Xitano (2021- 2030), a Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030, concibida como folla de ruta para que o conxunto das administracións públicas fagan efectivos os dereitos humanos das persoas con discapacidade e das súas familias, e a actualización da Estratexia Nacional Integral de Persoas sen Fogar, en fase de desenvolvemento.

No ámbito da vivenda, destaca a aprobación, en febreiro de 2022, do proxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, actualmente en tramitación parlamentaria, que busca blindar a función social que debe cumprir a vivenda e dar un especial impulso á protexida en aluguer a prezo accesible. Igualmente, destacan a regulación do Bono Alquiler Joven, o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 ou as decisións adoptadas para frear a escalada dos prezos da electricidade, tales como rebaixas fiscais temporais.

En relación coa cultura, destaca o Programa Cultura e Cidadanía, e dentro del, o Subprograma Cultura e Ruralidades, así como o Plan de axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas, incluído dentro do PRTR, ou o proxecto Laboratorios Bibliotecarios.

Finalmente, no referente a este reto desempeña unha función esencial a fiscalidade como instrumento para a redistribución da riqueza e a diminución da desigualdade. Neste campo realizáronse avances entre os que destaca a creación do Imposto sobre as Transaccións Financeiras e do Imposto sobre Determinados Servizos Dixitais. Ademais, estase avanzando en fiscalidade ambiental e en materia de prevención e loita contra o fraude fiscal destaca a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal. Unhas actuacións que deberán ser intensificadas para paliar a brecha de recadación do sistema fiscal español con respecto aos países da nosa contorna europea e avanzar de forma decidida nun sistema tributario máis equitativo, progresivo e xusto ao mesmo tempo que se potencian políticas públicas de interese xeral, garántense servizos públicos de calidade e cúmprese cos obxectivos de redución da pobreza.

O conxunto de avances nesta política aceleradora complementábase coas medidas aplicadas polas comunidades autónomas, cidades autónomas e as entidades locais nos seus respectivos ámbitos territoriais. Así, en relación ao nivel autonómico, a gran parte dos avances teñen que ver co impulso de normas e de políticas estratéxicas tendentes á protección social de colectivos vulnerables, tales como a infancia, adolescencia, poboación xitana ou persoas con discapacidade, así como no ámbito da vivenda ou na mellora e diversificación da oferta cultural. A nivel local, as autoridades municipais puxeron en marcha políticas que buscan dirixirse igualmente aos colectivos máis vulnerables nos ámbitos máis relevantes para a súa inserción social e laboral, tales como a vivenda, o emprego, a educación, o transporte ou a protección social, todo iso articulado fundamentalmente a través de instrumentos tales como bolsas, axudas ou subvencións.

Reto País 2

FACER FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA E AMBIENTAL.

España é un país especialmente vulnerable aos posibles efectos do quecemento global, tanto pola súa situación xeográfica, como polas súas características socioeconómicas. Tal e como se sinala no Informe sobre o estado do clima de España 2021 publicado pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET, 2022), dende os anos oitenta, cada novo decenio foi máis cálido que o anterior. Aínda que os episodios de La Niña, ocorridos entre 2020 e 2022, supuxeron a redución transitoria do incremento das temperaturas medias mundiais, o ano 2021 foi moi cálido en España cunha temperatura media de 14,3 °C, un valor que supera en 0,5 °C a media anual normal.

As emisións de CO₂, aínda que rexistraron unha diminución global do -12,5 % en 2020 nun contexto marcado polas condicións impostas pola pandemia COVID-19, aumentaron nun 5,1 % en 2021 respecto ao ano anterior. Tamén se produciu un aumento na produción de enerxía renovable, alcanzando en España un 46,7 % da xeración eléctrica no 2021. Así mesmo, os últimos datos relativos á xeración de residuos correspóndense con exercicios previos á pandemia da COVID-19 e contemplan tanto unha tendencia a unha maior xeración de residuos como unha mellora na recollida separada que aumentou un 13,5 % respecto de 2018.

En relación ás medidas e avances nas prioridades de actuación deste reto país 2, a súa política aceleradora centrada nun “país que respecte os límites do planeta” aspira a combater o innegable cambio climático e a impulsar unha transición ecolóxica xusta e inclusiva que minimice o impacto económico, social e ambiental neste cambio cara a unha economía verde, circular, xusta, e climaticamente neutra para 2050.

Unha das principais medidas foi a aprobación da Lei 7/2021, de 20 de maio de 2021, de Cambio Climático e Transición Enerxética que establece o marco normativo para situar, no centro da acción política, a loita contra o cambio climático e a transición enerxética. Esta Lei apóiase, ademais, en distintas ferramentas de planificación



orientadas a articular a implantación de medidas, como son o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030 (art. 4), a Estratexia de Descarbonización a longo prazo 2050 (art. 5.2), o Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC), ou a Estratexia de Transición Xusta (art. 27.1). A través desta última, leváronse a cabo trece Convenios de Transición Xusta relacionados co peche do carbón.

Dende un punto de vista transversal, destacan avances tales como a aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH, polas súas siglas en inglés) nas actuacións vinculadas co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), o aliñamento dos Orzamentos Xerais do Estado (PGE) do ano 2023 coa transición ecolóxica, ou o desenvolvemento do Plan de Acción para a Educación Ambiental para a Sostibilidade 2021-2025 (PAEAS).

No ámbito da electrificación e descarbonización do sistema eléctrico, convén sinalar que o Consello de Ministros remitiu ás Cortes Xerais en xuño de 2021 o Proxecto de Lei polo que se crea o Fondo Nacional para a Sostibilidade do Sistema Eléctrico (FNSSE), baseado en evitar as subidas no prezo da electricidade e achegar confianza, sostibilidade e equilibrio ao sistema para mobilizar os investimentos necesarios nos próximos anos. Así mesmo, destaca a aprobación do Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021- 2026, do Real Decreto Lei 29/2021, de 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregamento de enerxías renovables, ou a creación da Folla de Ruta do Hidróxeno renovable e da Folla de Ruta do Biogás.

Na eficiencia enerxética e mobilidade sostible, despregouse a Estratexia a longo prazo para a Rehabilitación Enerxética no sector da Edificación (ERESEE, 2020) ou o Programa de Rehabilitación Enerxética de Edificios (PREE), a través do que se conceden axudas para a mellora da eficiencia enerxética. Igualmente, destaca a aprobación en decembro de 2021 da Estratexia de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada 2030, que constitúe a folla de ruta que guiará as actuacións en materia de transportes e mobilidade nos próximos dez anos, así como o Anteprojecto de Lei de Mobilidade Sostible.

Con vistas á protección da biodiversidade, durante o ano 2022 está prevista a aprobación do Plan Estratéxico do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (PEPNB) e da Estratexia de Biodiversidade e Ciencia (EBYC). Ademais, aprobouse a Estratexia Nacional de Loita contra a Desertización (ENLD), coa que se actualiza o Programa de Acción Nacional contra a Desertización publicado en 2008, e avánzase na elaboración do PERTE de dixitalización do ciclo da auga.

Por último, no que incumbe á economía circular, destaca a aprobación da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, dirixida a garantir a protección do medio ambiente e a saúde humana mediante a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión. Seguindo cos avances producidos no desenvolvemento normativo da xestión de residuos, sitúase o Proxecto de Real Decreto de envases e residuos de envases ou o Proxecto de Lei de Prevención das Perdas e o Desperdicio Alimentario.

Respecto da contribución das comunidades autónomas e cidades autónomas, os avances deste reto país 2 a nivel territorial teñen que ver con medidas normativas e estratéxicas destinadas a combater o cambio climático e a impulsar a transición enerxética, unhas actuacións que se suman a outras relativas ao fomento da economía circular, a xestión dos residuos, a avaliación ambiental ou a implantación dunha axenda urbana sostible. No plano local, os municipios focalizáronse principalmente no impulso de medidas de planificación urbana sostible, así como en materia de eficiencia enerxética ou no desenvolvemento de campañas de sensibilización, formación e concienciación ambiental no plano divulgativo.

Reto País 3

PECHAR A BRECHA DA DESIGUALDADE DE XÉNERO E POÑER FIN Á DISCRIMINACIÓN.

A discriminación cara ás mulleres e a consecuente desigualdade de xénero reflíctese en numerosos ámbitos que dan conta da transversalidade do fenómeno e a necesidade da súa abordaxe urxente para facer realidade a axenda 2030. No mercado de traballo, a taxa de desemprego resulta sempre superior na poboación feminina, situándose a brecha de xénero nun 13,8 % en 2015 e en 2020 no 13,6 %. O emprego parcial nas mulleres ten unha progresión descendente e presenta un diferencial dun punto porcentual entre os anos 2015 e 2020, á vez que a porcentaxe de persoas asalariadas con contrato temporal presenta no ano 2020 un valor do 11,8 % para os homes e do 12,3 % nas mulleres. Por outra parte, en todos os sectores, os salarios dos homes son maiores aos das mulleres, máis afectadas, como vimos, polo emprego precario. Como consecuencia, esta desigualdade no ámbito laboral ten consecuencias directas no ámbito das pensións.

Entre as razóns que explican a brecha de xénero está, principalmente, a maior sobrecarga que asumen as mulleres na esfera dos coidados, xa sexa no ámbito persoal ou profesional, que dificulta o seu acceso e desenvolvemento pleno dunha carreira profesional en igualdade de condicións, ou que as enfronta a empregos enormemente precarizados. Igualmente, a monoparentalidade en España é un fenómeno fundamentalmente feminino e aínda existe unha forte desigualdade en canto á presenza maioritaria de homes no ámbito STEM (STEM (Ciencias-Tecnoloxía-Enxeñaría-Matemáticas)

En canto ás violencias contra as mulleres, experimentouse un aumento da denuncia dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual e, aínda que o número de vítimas mortais por violencia de xénero diminuíu nos últimos anos, estas seguen sendo inasumibles nunha sociedade que aspira a garantir plenamente os dereitos das mulleres.

Con todo, España obtivo unha puntuación de 73,7 puntos no informe correspondente ao ano 2021 no Índice Europeo de Igualdade de Xénero, alcanzando a sexta posición. Estes datos sitúannos 5,7 puntos por enriba da media europea, aínda que se evidencian áreas de notoria necesidade de mellora, sobre todo naquelas vinculadas ao ámbito laboral, monetario ou de poder.



Por iso, a política aceleradora do reto país 3 busca promover “vidas libres e iguais para todas”, comprometendo unha serie de prioridades de actuación dirixidas a remover as barreiras estruturais que orixinan esta desigualdade para impulsar a igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres.

Así, destaca, en primeiro lugar, a aprobación do Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes 2022-2025 (PEIEMH), o cal se configura como o principal instrumento do Goberno para orientar os cambios institucionais e sociais que se require poñer en marcha para avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes. Para iso, vértase en catro grandes eixos de intervención: bo goberno, economía para a vida e repartición xusta da riqueza, cara á garantía de vidas libres de violencia machista contra as mulleres e un país con dereitos efectivos para as mulleres. Un dos compromisos adscritos ao PEIEMH recollidos nesta política aceleradora é o aliñamento do Informe de Impacto de Xénero que acompaña os Orzamentos Xerais do Estado cos obxectivos estratéxicos de devandito plan.

No ámbito de garantir a igualdade retributiva entre mulleres e homes, continuouse traballando na aplicación dos instrumentos de transparencia retributiva, regulados polo Real Decreto 902/2020, tales como o rexistro ou a auditoría retributivos. Nunha liña similar, sitúase o Real Decreto-lei 3/2021, de 2 de febreiro, que regula a introdución do complemento económico das pensións contributivas para a redución da brecha de xénero.

Por outra banda, cabe destacar a aprobación da Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación ou os avances na elaboración da Estratexia Estatal para combater as Violencias Machistas 2022-2025. Ademais, impulsouse unha reforma lexislativa para eliminar os obstáculos aos que se enfrontan as persoas orfas por violencia de xénero co obxecto de paliar a súa situación de extrema vulnerabilidade e reforzar a súa protección, a través da Lei Orgánica 2/2022, de 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero.

No ámbito específico da violencia sexual, destaca a aprobación da Lei Orgánica 10/2022, de 6 setembro, de garantía integral da liberdade sexual (LOGILS), que supón un enorme avance na protección integral das mulleres, no seu dereito á liberdade sexual e na erradicación de todas as violencias sexuais. Igualmente, iniciáronse os trámites para a elaboración da Lei Integral contra a Trata de Seres Humanos en todos os seus fins, á vez que se avanzou noutras actuacións vinculadas como é o Plan Estratéxico Nacional contra a trata e a explotación de seres humanos 2021-2023.

No eixo do recoñecemento e a valoración dos coidados e o traballo doméstico non remunerado destaca o desenvolvemento do Plan Corresponsables, dirixido a garantir o dereito ao coidado de familias con fillas e fillos de até 16 anos. Destaca, así mesmo, a aprobación, en setembro, do Real Decreto-lei 16/2022, que equipara as condicións de traballo das persoas traballadoras do fogar ás do resto de persoas traballadoras, aplicando así o establecido no Convenio 189 da OIT. Este Real Decreto-Lei sitúa a España en vangarda en materia de igualdade de xénero, corrixindo unha discriminación histórica contra as persoas traballadoras do fogar e posibilitando, entre outros aspectos, o recoñecemento do seu dereito á protección social en situacións de desemprego.

Con miras a erradicar as discriminacións por razón de orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero ou características sexuais, destaca o proxecto de Lei para a Igualdade Real e Efectiva das Persoas Trans e para a Garantía dos Dereitos das Persoas LGTBI, a cal constitúe unha reparación histórica para o colectivo LGTBI e, especificamente, para as persoas trans, un dos colectivos que foi obxecto de maior vulneración nos seus dereitos e máis estigmatizado.

Finalmente, destaca a reforma da Lei Orgánica 2/2010 de Saúde Sexual e Reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, centrada en recuperar os dereitos das mulleres de 16 e 17 anos, á vez que se amplía a protección fronte á explotación reprodutiva das mulleres ou a violencia obstétrica.

Nas políticas de ámbito autonómico, destacan as diferentes actuacións normativas e estratéxicas destinadas a brindar axuda a vítimas de violencia sexual e de xénero, así como aquelas tendentes a fomentar a igualdade de trato e non discriminación, ou medidas máis específicas en materia de redución da brecha salarial, impulso á muller rural ou programas de conciliación. Nunha liña moi similar, as entidades locais centraron as súas actuacións en eixos como a prevención, a atención ou o desenvolvemento de plans de seguridade para as vítimas en colaboración con entidades supramunicipais. Igualmente, creáronse plans locais de igualdade de xénero e fortalecéronse os servizos de atención e coidado de persoas dependentes.

Reto País 4

SUPERAR AS INEFICIENCIAS DUN SISTEMA ECONÓMICO EXCESIVAMENTE CONCENTRADO E DEPENDENTE.

As recentes crises económicas puxeron de manifesto a vulnerabilidade do modelo produtivo español, caracterizado pola súa excesiva concentración e dependencia de determinados sectores produtivos e un menor peso do sector industrial comparativamente con outros países da nosa contorna. A pandemia da COVID-19, que esixiu restricións á mobilidade, freou en seco o turismo, o que supuxo unha maior caída do PIB do noso país moito maior que no resto de países europeos, pois en 2020 o PIB per cápita caeu un 11,29 %, fronte a un 6,5 % nos países da Eurozona.

Actualmente, o conflito bélico en Ucraína ten consecuencias económicas derivadas da dependencia enerxética do exterior e do deseño dos mercados de electricidade, ademais dos problemas de abastecemento de certas materias primas e doutros bens. A pesar diso, España é menos vulnerable ás sancións e contrasancións impostas pola UE e por Rusia en materia de subministración de gas, e pode garantir en mellor medida o acceso a unha enerxía alcanzable, fiable, sostible e moderna.

A evolución da achega dos distintos sectores produtivos ao PIB dende o 2015 mostra un aumento do peso da agricultura, gandería e pesca en 2020, que en 2021, segundo o avance dos datos, se volve contraer. Non obstante, achegan case o 3 % ao PIB nacional, o seu maior peso en 15 anos, e constitúen unha actividade vertebradora do territorio que resultou clave para asegurar o abastecemento de alimentos durante a pandemia da COVID-19. Por outra banda, o peso do sector do TIC, dos sectores de servizos de alto valor engadido e os servizos públicos sanitarios, educativos e sociais van igualmente gañando peso na economía española.

Con iso, dende a crise sanitaria da COVID-19 e a crise enerxética actual, España, progresivamente, está a mellorar a produción e o consumo eficientes dos recursos naturais, desvinculando o crecemento económico da degradación do medio ambiente e acelerando a transformación do noso modelo produtivo cara a un máis sostible.

Destaca igualmente a xeración de emprego, que, tras a crise da pandemia de 2020, mostra crecementos interanuais superiores ao 4 % en 2021, sendo o sector servizos o que máis persoas emprega no noso país con 15.563.700 ocupados no segundo trimestre de 2022. Aínda que a produtividade caeu drasticamente pola crise sanitaria un 7 % en 2020, xa en 2021 se aprecia un cambio de tendencia cunha redución anual de tan só un 1,414 %. Con todo, estamos moi por detrás da media europea en produtividade real e aínda nos situamos á cola comunitaria en gasto en I+D.

A política aceleradora “un novo modelo económico e produtivo verde, dixital e xusto” ten como principal obxectivo transformar o noso modelo produtivo para lograr un crecemento sostible respectando os límites ambientais e apostando pola promoción, fortalecemento e transformación dixital dos nosos axentes económicos que permitan a diversificación e eficiencia da matriz produtiva.

Un dos principais avances respecto diso foi a Estratexia a longo prazo para unha Economía Española Moderna, Competitiva e Climaticamente Neutra en 2050, a cal pretende reducir o consumo de enerxía primaria nun 40 % grazas ás políticas de eficiencia enerxética, aos cambios de hábitos e á economía circular, redun-

dando nunha redución de máis do 30 % no consumo de enerxía final. De modo complementario, aprobouse a Estratexia Española de Economía Circular, España Circular 2030, establecendo para o sistema obxectivos produtivos de redución de consumo e de xeración de residuos. A súa materialización atópase recollida a través do Plan de Acción de Economía Circular (PAEC) 2021-2023, con 116 medidas das cales 87 xa se atopan finalizadas ou en proceso de execución.

No ámbito dixital, a guía estratéxica fundamental no conxunto da economía é a Axenda España Dixital 2026, complementada a través da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, dirixida a integrar a intelixencia artificial (IA) nas cadeas de valor do tecido produtivo, e do Plan Nacional de Competencias Dixitais para lograr a capacitación dixital da cidadanía e loitar contra a brecha dixital de xénero a través de accións de formación.

En materia de economía social, destaca a Estratexia Española de Fomento da Economía Social 2017-2020 ou a progresiva ampliación subxectiva na implantación da Lei 11/2018, de 28 de decembro, en materia de información non financeira e diversidade e que xa aplica dende o ano 2021 non só ás empresas de máis de 500 empregados, senón tamén a aquelas con máis de 250 empregados a peche de exercicio e que sexan consideradas de interese público, ou ben que, cumprindo o requisito de total de empregados, o total das partidas do seu activo sexa superior a 20 millóns de euros, ou o importe neto da súa cifra anual de negocios supere os 40 millóns de euros.

Ademais, tamén se adoptou a Estratexia España Nación Emprendedora, presentada en febreiro de 2021 como peza clave para a transformación económica e social do noso país e vertebración da aposta do Goberno por situar España como país de referencia en emprendemento e innovación nun horizonte temporal a dez anos.



Dada a relevancia das PEMES no modelo produtivo español, outra batería de medidas tendeu a apoiar a este sector na súa transición cara a unha economía verde, dixital e inclusiva. Así, destaca o Plan de Dixitalización de PEMES 2021-2025, o Fondo Tecnolóxico de axudas ás PEMES do sector comercial polo miúdo ou o Marco Estratéxico en Política de Peme 2030 (MEPP 2030) como estratexia de ámbito nacional que abarca o conxunto de políticas e instrumentos nacionais e europeos que impulsan o desenvolvemento e a competitividade das pequenas e medianas empresas españolas.

No que se refire concretamente aos sectores produtivos, no sector primario elaborouse o Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) para España 2023-2027 e o Proxecto de Lei polo que se regula o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas. Ambas as medidas constitúen unha reforma para contar cunha PAC máis xusta, máis social e máis ambiental, cunha mellor redistribución das axudas para impulsar a agricultura familiar e profesional e orientada ás liñas estratéxicas marcadas pola Unión Europea na materia. Do mesmo modo, o Proxecto de Lei de Pesca Sostible e Investigación Pesqueira incorpora como eixo transversal a sostibilidade nunha tripla perspectiva: conservación dos recursos pesqueiros, actividade económica e emprego e cohesión social das zonas costeiras. A estas medidas engádese a reforma normativa introducida pola Lei 16/2021, de 14 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, a cal busca reducir o desequilibrio nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea de valor e no marco dunha competencia xusta que redunde en beneficio non só do sector senón tamén dos consumidores.

No eixo dixital, destaca a Estratexia de Dixitalización do sector agroalimentario e forestal e do medio rural.

Tamén en relación coa tecnoloxía, e no marco do sector secundario, aprobouse a estratexia de Industria Conectada 4.0, dirixida a articular medidas que permitan que o tecido industrial español se beneficie do uso intensivo das tecnoloxías da información e comunicacións para a incorporación nos procesos produtivos de políticas de I+D+i ou de tecnoloxías 4.0 e de intelixencia artificial.

En relación aos servizos, destaca o Plan de Modernización e Competitividade do sector turístico (PMCT), que desprega cinco ámbitos de actuación estratéxicos relativos á sostibilidade, o desenvolvemento do produto e a modernización do ecosistema turístico, o impulso da dixitalización e intelixencia turística, as estratexias de resiliencia turística para territorios extrapeninsulares e o fomento da desestacionalización. No seu marco estanse desenvolvendo os Plans de Sostibilidade Turística en Destinos 2021, aliñados coa Estratexia de Turismo Sostible España 2030.

Finalmente, en relación ao ámbito da ciencia e da formación, convén sinalar a adopción do Pacto pola Ciencia e a Innovación que xa foi subscrito por preto de 90 entidades para o incremento progresivo do investimento público en ciencia e innovación, así como o I Plan Estratéxico de Formación Profesional 2019-2022 do Sistema Educativo, complementado co Plan de modernización da Formación Profesional e coa adopción da Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional que pretende unha transformación global do sistema de formación profesional que sexa porta a un emprego de calidade para os mozos.

As comunidades e cidades autónomas tamén están implantando actuacións que permitiron avances notables no marco desta política aceleradora 4. Así, destaca a posta en marcha de plans, pactos e estratexias orientadas cara á modernización e dixitalización de proxectos empresariais, sobre todo no que afecta ás PEMES, ao fomento da economía social, á mellora na sostibilidade do sector agroalimentario, ao impulso ao desenvolvemento turístico sostible, sobre todo naquelas rexións nas que o turismo é principal motor económico, así como iniciativas para promocionar o desenvolvemento científico e tecnolóxico dos sectores produtivos. Na esfera local, destacan os plans de modernización de mercados municipais, o fomento da recollida separada de residuos ou o impulso á gandaría extensiva, entre outros. Así mesmo, despregáronse axudas a proxectos de economía social e ao emprendemento, así como iniciativas para a formación aos emprendedores, a través por exemplo dos Axentes de Desenvolvemento Local, e para a potenciación da dixitalización e do comercio electrónico.

Reto País 5

POÑER FIN Á PRECARIEDADE LABORAL.

A realidade laboral que se veu consolidando en España deu como resultado un mercado laboral discriminatorio onde prolifera o emprego atípico que se afasta do estándar (negociación colectiva, protección e estabilidade do traballador) e que se caracteriza pola temporalidade nos contratos, a eventualidade e a parcialidade da xornada laboral.

A taxa de paro española dobra a taxa europea, aínda que é destacable que nos últimos anos se observa unha apreciable redución, pasando dunha porcentaxe de 22,2 % a un 15,6 %. Na análise desagregada do paro débese atender a eixos como o territorial e a variables como o sexo, idade, nivel educativo e nacionalidade. Ademais, a crise sanitaria supuxo unha gran destrución de emprego no primeiro período de confinamento, aínda que a utilización dos ERTE resultou, á luz dos datos, un mecanismo de flexibilidade interna óptimo para evitar a destrución de emprego.

En canto á cifra de paro de longa duración, en termos absolutos, minorou en España tanto en homes como en mulleres nos últimos anos, pero, de novo, debe analizarse en clave de idade, sexo ou nivel de estudos.

Os últimos anos tamén evidenciaron melloras e unha tendencia baixista na temporalidade e parcialidade do mercado laboral. A pesar diso, a temporalidade en España presenta niveis altos respecto dos niveis da contorna europea de referencia, superior en polo menos 10 puntos. Iso débese á importancia de actividades estacionais e á utilización (en moitas ocasións abusiva) da contratación temporal, sendo ademais un fenómeno claramente feminizado.

Os bos datos que se veñen cultivando nas últimas anualidades conviven, por tanto, cun mercado laboral que presentou historicamente dous déficits estruturais: as altas taxas de emprego temporal e de emprego parcial involuntario. Así, no mercado laboral español poden recoñecerse con facilidade unha serie de perfís precarizados que veñen coincidir co colectivo de mulleres, en particular o colectivo de mulleres que están á fronte de fogares monoparentais, os mozos e os inmigrantes.

Iso fixo que os condicionantes laborais sexan fundamentais para comprender outros relativos á calidade e benestar social, tal e como evidencia o incremento tanto na taxa de risco de pobreza como na de fogares con baixa intensidade laboral que nos devolve a niveis de 2016.

A política aceleradora 5 centrada en “calidade e estabilidade no emprego” ten como prioridade abordar os desequilibrios estruturais que o mercado laboral español arrastra dende hai décadas, buscando tanto xerar emprego de calidade, como garantir estabilidade no traballo. Destaca, en primeiro lugar, a aprobación do Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, dirixida a reducir o emprego temporal e garantir a estabilidade, dotar de continuidade á figura dos Expedientes Temporais de Regulación de Emprego (ERTE) e afianzar a negociación colectiva. Un dos aspectos máis destacables da reforma normativa foi o deseño de novos tipos de contratos para que o indefinido sexa a regra xeral e o temporal teña unha orixe exclusivamente causal.

Outro elemento clave para poñer fin á precariedade laboral é asegurar a calidade no emprego, entendida desde a perspectiva da retribución xusta. Isto tivo a súa mellor expresión na decisión, adoptada no seo do diálogo social, de elevar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI), cuxa contía se viu incrementada un 36 % desde o ano 2018, pasando de 735,9 € a 1.000 € en 2022.

Por outra banda, outro dos avances neste reto de país tivo que ver con incorporar ao dereito laboral as novas formas de emprego xurdidas como resultado do desenvolvemento da economía dixital. Neste senti-

do, destaca o Real Decreto Lei de 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto dos Traballadores para garantir os dereitos laborais das persoas dedicadas á repartición no ámbito de plataformas dixitais, así como o Real Decreto Lei 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia.

Outro dos eixos de avance foi a modernización das Políticas Activas de Emprego. A este respecto, destaca a aprobación da Estratexia de Apoio Activo ao Emprego 2021-2024, o Plan de Garantía Xuvenil Plus 2021-2027 de traballo digno para as persoas novas ou o proxecto de Lei de Emprego, o cal constitúe unha norma marco para garantir ás persoas traballadoras unha carteira de servizos que inclúen novas e eficaces ferramentas para mellorar a empregabilidade.

Finalmente, no ámbito específico da economía social, destaca a aprobación en xuño de 2022 da Estratexia Nacional de Impulso do Traballo Autónomo 2021-2027 (ENDITA) ou a reactivación do Consello para o Fomento da Economía Social, o cal foi clave no deseño do proxecto estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) da Economía Social e dos Coidados.

Pola súa banda, as comunidades e cidades autónomas conseguiron avances notables no marco desta política aceleradora a través de plans e estratexias centradas fundamentalmente no reforzo da formación profesional, así como na mellora da empregabilidade dos colectivos máis vulnerables, sobre todo dos mozos a través de Garantía xuvenil. Así mesmo, desenvóléronse iniciativas de impulso á economía social e de modernización dos servizos públicos de emprego.

No plano local, destaca a creación de axencias municipais de colocación e o desenvolvemento de programas específicos para informar e orientar laboralmente ao colectivo de persoas desocupadas, así como a posta en marcha de actividades con itinerarios e programas de formación a distintos colectivos, especialmente destinados aos máis vulnerables, á vez que se crearon programas de orientación profesional e de acompañamento á inserción.

En relación coas medidas e avances no ámbito laboral e dado o vínculo coa protección social tamén se destaca neste punto no informe de progreso a adopción do Real Decreto Lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína e do Real Decreto Lei 11/2022, de 25 de xuño, polo que se adoptan e se prorrogan determinadas medidas para responder ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, para facer fronte a situacións de vulnerabilidade social e económica e para a recuperación económica e social da illa da Palma, cuxas medidas contribúen de forma nítida ás políticas aceleradoras anteriormente descritas e, moi en particularmente, á protección social daquelas familias e colectivos en especial situación de precariedade laboral fronte ás actuais tensións inflacionistas da economía.



Reto País 6

REVERTER A CRISE DOS SERVIZOS PÚBLICOS.

O investimento en política social constitúe un elemento crucial no desenvolvemento dos servizos públicos do século XXI como garantía duns dereitos mínimos para toda a poboación e dunha igualdade nas condicións de partida de todos.

O investimento público en protección social en España como porcentaxe de gasto en relación co PIB sitúase na media da UE e lixeiramente por baixo da zona euro, destacando especialmente o enorme peso das prestacións por desemprego.

En relación a sectores de protección social específicos, o gasto público das pensións de vellez en relación co PIB alcanzou no ano 2020 en España o 10,9 %, á vez que houbo unha progresiva evolución e aumento de persoas beneficiadas de prestación no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

En canto á sanidade, aínda que se produciu un descenso do gasto a partir a crise financeira de 2008, no ano 2020 houbo un incremento significativo tanto en millóns de euros como na porcentaxe do PIB, situándose este no 7,6%, por baixo, no obstante, da media europea (8,2%). Este incremento pode explicarse, polo menos en parte, pola necesidade de dar resposta á crise ocasionada pola COVID-19. Por último, no relativo á educación, a tendencia no último ano foi crecente en canto ao gasto público como porcentaxe do PIB, cifra que se sitúa actualmente no 4,91%, aínda que por baixo aínda do 5% que marca a media europea.

A política aceleradora 6 “Uns servizos públicos reforzados para un Estado do benestar democrático e resiliente” ten como obxectivo o afondamento e consolidación do Estado do benestar mediante uns servizos públicos inclusivos e de calidade que garantan non deixar a ninguén atrás.

Así, en materia de dependencia, cabe destacar que a irrupción da COVID 19 evidenciou a desinversión que se vira producindo dende os recortes orzamentarios iniciados no ano 2012, poñendo de manifesto as carencias do actual modelo residencial e de atención á dependencia. Neste sentido, sendo unha das prioridades da Estratexia de Desenvolvemento Sostible a mellora do SAAD, un dos principais avances tivo que ver co desenvolvemento do Plan de Choque para a Dependencia 2021, o cal supuxo un incremento do financiamento do SAAD por parte da Administración Xeral do Estado de 1.200 millóns de euros nos exercicios 2021 e 2022. Así, a Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 incrementa as contías asociadas ao nivel mínimo de protección, unha tendencia que se suma ao aumento do 20,16 % que materializaron os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

Outro dos piares do Estado do benestar que mostrou, si cabe aínda máis, a súa importancia no contexto da pandemia global é o Sistema Nacional de Saúde (SNS). Neste sentido, un dos principais avances tivo que ver co desenvolvemento do Marco Estratéxico de Atención Primaria do Sistema Nacional de Saúde de 2019, téndose aprobado o Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2023 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Igualmente, atópase en tramitación parlamentaria o Proxecto de Lei polo que se modifican diversas normas para consolidar a equidade, a universalidade e a cohesión do Sistema Nacional de Saúde, o cal ten como finalidade a adaptación do SNS aos retos actuais co obxectivo de seguir ampliando dereitos, imposibilitando a introdución de novos copagos e asegurando a participación das e dos pacientes, das persoas con discapacidade e das e dos profesionais sanitarios. Un terceiro compromiso avanzado corresponde ao ámbito da saúde mental a través da aprobación da Estratexia de Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde 2022-2026, habéndose deseñado a este respecto o Plan de Acción de Saúde Mental 2022-2024, no cal destaca a posta en marcha da Liña 024: un teléfono de axuda e atención á conduta suicida de carácter gratuíto, anónimo e confidencial. Destaca, finalmente, a aprobación do Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) para a Saúde de Vangarda, concili-

bido como un instrumento de colaboración público-privada centrado na transformación do sector sanitario a través da ciencia e a innovación.

O Dereito á Educación constitúe outro dos piares do Estado do benestar e un obxectivo en si mesmo da Axenda 2030. Entre os compromisos adquiridos nesta política aceleradora, destaca o desenvolvemento da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio (LOMLOE). No marco da educación infantil, os esforzos oriéntanse cara á extensión do primeiro ciclo de Educación Infantil cunha oferta pública suficiente con equidade e calidade que garanta o seu carácter educativo, para o que se previu un importante esforzo orzamentario a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Así mesmo, no ámbito dixital, a LOMLOE inclúe a atención ao desenvolvemento da competencia dixital dos estudantes de todas as etapas, para o que destaca o desenvolvemento do programa Educa en Dixital que prevé a dotación de dispositivos, recursos educativos dixitais, a adecuación das competencias dixitais dos docentes e as accións que leven a aplicación da intelixencia artificial á educación personalizada. Finalmente, no marco da educación universitaria, destaca o Proxecto de Lei Orgánica do sistema universitario, que responde á necesidade de adaptar e actualizar o actual réxime xurídico co fin de impulsar unha universidade de calidade, accesible, equitativa e internacionalizada, que produza coñecemento ao servizo da sociedade e que contribúa ao desenvolvemento sostible.

O sistema de pensións constitúe un último pilar fundamental do Estado do benestar, sendo o compromiso da Estratexia de Desenvolvemento Sostible o mantemento, mellora e adaptación do sistema público de pensións conforme ás recomendacións do Informe de Avaliación e Reforma do Pacto de Toledo. Nesta liña destaca a aprobación da Lei 21/2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións, que recuperou a garantía do poder adquisitivo das pensións a través da súa actualización en función da inflación. Así mesmo, establece un novo mecanismo de equidade interxeracional que substitúe ao anterior factor de sostibilidade, destinado a reforzar a sostibilidade do sistema de pensións, e incorpora medidas dirixidas a achegar voluntariamente a idade efectiva á idade ordinaria de xubilación.

Con carácter complementario ao reforzo dos servizos públicos vinculados cos catro piares do Estado do benestar, esta política aceleradora compromete actuacións relativas ao deber de protección das administracións públicas fronte á vulneración de dereitos e as discriminacións que experimentan, particularmente, determinados colectivos. Así, destaca a aprobación da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPVI), así como a aprobación do Real Decreto 220/2022, de 29 de marzo, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula o sistema de acollida en materia de protección internacional ou a adopción do II Plan de Acción de loita contra os delitos de odio 2022-2024, fortalecendo un marco



integral lexislativo e político que os erradique e que garanta a protección dos dereitos e liberdades de todas as persoas.

Finalmente, no marco de mellora da accesibilidade ás administracións públicas por parte do conxunto da cidadanía a través do impulso de procesos de dixitalización e da mellora dos procedementos administrativos, desenvolveuse o Plan de Dixitalización das Administracións Públicas 2021-2025, pondo en marcha proxectos estratéxicos nos ámbitos de sanidade, xustiza, emprego ou seguridade social, entre outros, así como o Plan Nacional de Competencias Dixitais e o IV Plan de Goberno Aberto de España 2020-2024, o cal busca reforzar a transparencia e a rendición de contas, mellorar a participación e establecer sistemas de integridade pública.

Por parte das comunidades e cidades autónomas, as principais medidas e avances nesta política aceleradora 6 relaciónanse coa adopción de plans e estratexias en materia de atención socioeducativa a colectivos vulnerables, así como na mellora da xestión na atención residencial e domiciliaria a persoas en situación de dependencia e na modernización e mellora dos programas de saúde pública. Do mesmo modo, impulsáronse novos proxectos normativos de servizos sociais adaptados á realidade social actual e promovéronse plans en materia de goberno aberto e dixitalización dos servizos públicos.

Dende as entidades locais tamén se promoveron medidas que permitiron avances destacables no marco da protección social. Así, destacan programas de axuda a domicilio e distintos servizos de axuda ao fogar, así como de información, orientación e atención a persoas maiores ou con dependencia. Ao mesmo tempo estanse construindo residencias para persoas con diversidade funcional e leváronse a cabo actuacións de melloras de accesibilidade. En materia educativa desenvolvéronse programas de impulso á alfabetización dixital, así como de bonificacións na cota das escolas infantís municipais e para as familias máis desfavorecidas e en risco de exclusión social. Finalmente, desenvolvéronse proxectos de prevención e participación socioeducativos de apoio a menores e de prevención e tratamento de casos de posible violencia infantil e adolescente.

Reto País 7

POÑER FIN Á INXUSTIZA GLOBAL E ÁS AMEAZAS AOS DEREITOS HUMANOS, AOS PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS E Á SOSTIBILIDADE DO PLANETA.

Tal e como sinalan os últimos informes de Nacións Unidas, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible está en grave perigo debido ás múltiples crises que estamos a vivir nos últimos anos. A pandemia da COVID-19, o cambio climático e o aumento dos conflitos no último ano, en especial o conflito de Ucraína, provocaron, á súa vez, un conxunto de crise en cadea nos ámbitos económico, enerxético, alimentario e de nutrición, da saúde, a paz e a seguridade, entre outros. Todo iso estase producindo nun contexto de retroceso democrático que supuxo, do mesmo xeito, un retroceso na garantía e protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Así, en 2020, o primeiro ano da pandemia de COVID-19, a economía mundial contraeuse preto dun 3 % e a pobreza mundial aumentou por primeira vez nunha xeración. Así mesmo, o aumento do prezo dos alimentos afectou ao 47% dos países, xerando un verdadeiro reto en materia de seguridade alimentaria. Por outra banda, os sistemas de saúde global víronse excedidos e continuamos nunha situación de emerxencia climática existencial, pois os datos colócanos no camiño dun aumento da temperatura global de 2,7 °C para fins de século, moi por enriba do estimado no Acordo de París.

Estas múltiples crises impactaron de maneira desigual nos diferentes países, tendo un efecto maior no grupo de países en vías de desenvolvemento, cuxas economías estaban máis debilitadas e cuxos siste-



mas de protección social non estaban o suficientemente preparados para facer fronte aos complexos retos que se foron expondo.

Con todo, a política aceleradora 7 “Liderado internacional para unha globalización xusta, sostible, igualitaria, democrática e baseada nos dereitos humanos” busca impulsar unha política de desenvolvemento global baseada na coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible. Neste sentido, a política de cooperación artículase como instrumento catalizador para a mobilización de esforzos e recursos co fin de abordar os desafíos globais.

Por todo iso, en primeiro lugar, gran parte dos avances realizados nesta política aceleradora teñen que ver coa participación do noso país no goberno multilateral, no cal destaca a posición de España no Foro Político de Alto Nivel para o Desenvolvemento Sostible ou a súa posición como segundo maior contribuínte do mundo ao Fondo Conxunto ODS. Ademais, o enfoque de dereitos humanos sitúase no centro deste eixo, destacando, por exemplo, o despregamento dende agosto de 2021 dunha ambiciosa campaña de doazón de vacinas con máis de 55 millóns de doses doadas até abril de 2022, o que sitúa a España como o sétimo maior doante a nivel mundial.

Ademais do multilateralismo, outro dos principais avances neste reto de país ten que ver co reforzo do sistema de cooperación español. Neste sentido, destaca a nova Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, en tramitación parlamentaria, que busca a dotación de maior volume de recursos e o reforzo das capacidades estratéxicas e operativas da cooperación para xerar unha contorna favorable á contribución efectiva dos diferentes actores en todos os niveis, reformando con iso a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e aliñando plenamente esta política de cooperación coa Axenda 2030. No relativo aos recursos, a nova norma persegue o incremento do esforzo en materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento até o 0,5 % da Renda Nacional Bruta en 2023 e o 0,7 % en 2030, así como a reforma do FONPRODE para o impulso á cooperación financeira e, con iso, ao papel do sector privado na cooperación.

Igualmente, na prioridade relativa á adopción dun marco normativo sobre dilixencia debida, débese destacar que actualmente se atopa en fase de tramitación o novo Anteproxecto de Lei de Protección dos Dereitos Humanos, da Sostibilidade e da Dilixencia debida nas actividades empresariais, o cal busca regular as obrigas das empresas españolas, ou con actividade en España, en materia de respecto da normativa interna e internacional sobre dereitos humanos e ambientais, establecendo medidas para garantir, cando así se requira, o dereito das vítimas ao acceso á xustiza e á debida reparación.

En sectores máis específicos da cooperación destacan avances relativos ao reforzo da Educación para o Desenvolvemento Sostible e a Cidadanía Global, ou a participación española en diferentes iniciativas europeas e internacionais na promoción de áreas como a transición ecolóxica, a saúde ou a transformación dixital.

Finalmente, esta política aceleradora inclúe como prioridade de actuación o desenvolvemento dos compromisos do Pacto Mundial para unha Migración Segura, Ordenada e Regular no goberno migratorio. Neste sentido, mantívose un diálogo sostido tanto coa Rede de Nacións Unidas de Migracións en España como coa sociedade civil en aplicación do enfoque whole-of-society, á vez que o ámbito das migracións e o desenvolvemento se consideraron como prioritarios para a Cooperación española.

As principais liñas de actuación e, polo tanto, avances que levaron a cabo as comunidades autónomas nesta política aceleradora están relacionadas fundamentalmente co reforzo e impulso ás súas respectivas políticas de cooperación para o desenvolvemento. Neste sentido, pódese destacar a posta en marcha de axudas en materia de cooperación a ONGDs, universidades e outros organismos de acción humanitaria, así como a adopción de plans, estratéxias e protocolos de cooperación e de coordinación de emerxencias e acción humanitaria. Así mesmo, destaca a implantación de programas de atención a persoas desprazadas e refuxiados nos seus respectivos territorios e a organización e difusión de accións de sensibilización cara á cidadanía en materia de dereitos humanos.

Por parte das entidades locais, os avances teñen que ver coas convocatorias de subvencións a ONGDs e a redacción de bases para as axudas de cooperación por parte das autoridades municipais. Ademais, creáronse liñas de axuda humanitaria de emerxencia e post-emerxencia, de acceso a servizos de poboación desprazada e desenvóléronse programas de acollida e atención a persoas solicitantes e beneficiarias de protección internacional ou temporal. Por último, do mesmo xeito que no plano autonómico, os municipios tamén levaron a cabo accións de concienciación cidadá acerca dos principios e valores da educación para o desenvolvemento.

Reto País 8

REVITALIZAR O NOSO MEDIO RURAL E AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO.

O diagnóstico derivado deste reto país enlaza directamente co contexto de ampla descentralización no que se enmarca España, derivado do modelo territorial emanado da Constitución de 1978, no que os territorios desenvolven diferentes modelos produtivos e contan con distintos modelos de protección social. Isto implica non só movementos migratorios entre comunidades autónomas e provincias, senón tamén dentro das mesmas, sempre de territorios menos dinámicos a outras zonas máis atractivas economicamente.

Toda esta complexidade reflectida no territorial fai obsoleta a diferenciación entre o urbano e o rural. Por unha banda, as cidades convertéronse en rexións metropolitanas ou áreas periurbanas. Ao mesmo tempo, as áreas rurais diversificaron as súas actividades económicas, establecendo novas relacións con núcleos urbanos grazas ás cada vez máis eficientes redes de comunicación terrestres e virtuais. Estes cambios no espazo suceden sobre os demográficos relativos ao envellecemento da poboación e ao estancamento vexetativo, sumándose a un proceso de despoboamento progresivo de determinados territorios fronte a outros.

Os avances relativos a este reto país vincúlanse cunha serie de fenómenos evidentes. En primeiro lugar, o lugar de residencia condiciona a posibilidade de caer en pobreza, situación de vulnerabilidade e/ou exclusión social. Así, boa parte das zonas con baixa densidade poboacional sofren un debilitamento do tecido produtivo, así como unha progresiva perda dos servizos sociais básicos, tales como o transporte público, a educación e a saúde de calidade. En segundo lugar, asistimos a un acusado despoboamento territorial no que os municipios rurais de pequeno tamaño (menos de 5.000 habitantes) constitúen a gran maioría de municipios rurais (78 %) e esténdense sobre o 70 % do territorio nacional, pero conteñen, sen embargo, menos do 10 % da poboación. En terceiro lugar, España posúe un progresivo envellecemento poboacional, pois o noso índice de envellecemento ten unha das taxas máis altas do mundo, facendo que unha de cada cinco persoas no noso país teña máis de 65 anos, sendo unha de cada catro no caso das zonas rurais. Por último, existe unha clara masculinización do medio rural, causado pola emigración permanente da poboación máis nova e maioritariamente feminina destas áreas cara ás urbanas nas que hai maiores oportunidades para construír e consolidar proxectos de vida duradeiros.

Por todo iso, a política aceleradora 8 "Cohesión social e territorial. Un medio rural con iguais dereitos e oportunidades" ten como prioridade abordar o reto demográfico entendéndoo como un desafío transversal que se atopa vinculado a fenómenos tales como o despoboamento, o envellecemento, a dispersión territorial ou a brecha en canto a oportunidades socioeconómicas entre as áreas urbanas e rurais.

Neste marco destaca a adopción, en marzo de 2021, por parte da Comisión Delegada do Goberno para o Reto Demográfico, do Plan de Medidas fronte ao Reto Demográfico, composto de 130 medidas aliñadas coa anterior Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico, das cales, un 90 % xa se atopan en proceso de implantación. Así, o conxunto de medidas que permitiron avanzar nesta política aceleradora estrutúrase ao redor dos catro grandes vectores sobre os que se articula este Plan de Medidas, a saber, conectividade dixital e mobilidade rural; consolidación da prestación de servizos esenciais; diversificación da actividade económica e creación de emprego; e promoción da transformación urbana.

No eixo verde de transición ecolóxica destacan os programas de axudas dirixidos a municipios de reto demográfico para promover iniciativas de aliñamento coa transición ecolóxica, tales como o Programa DUS 5000 ou o PREE 5000 en materia de enerxía limpa. No que se refire ao impulso dixital e á mobilidade pódese sinalar o Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da sociedade, a economía e os territorios, que seguirá ampliando a cobertura de banda ancha de alta velocidade, así como o desenvolvemento do II Plan de Acción da Estratexia de Dixitalización do Sector Agroalimentario e do Medio Rural, ou a Estratexia

de Mobilidade Segura, Sostible e Conectada do Goberno, a cal contempla a articulación da Mesa de Mobilidade Rural constituída o pasado mes de febreiro.

O desenvolvemento e a innovación constitúen outro ámbito de avances destacables, podendo sinalar respecto diso o despregamento da Rede de Centros de Innovación territorial ou a aprobación do programa de axudas para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento. En vínculo igualmente co desenvolvemento do medio rural, promoveuse o turismo sostible no seu potencial para a diversificación económica dos municipios a través dos Plans de Sostibilidade Turística en Destinos.

Tamén a igualdade de xénero ou a mellora dos espazos educativos e a inserción dos mozos concíbense como áreas fundamentais para abordar o reto demográfico, téndose conseguido avances, no primeiro caso,



a través do Plan Estratéxico de España para a PAC 2023-2027 ou a actualización en 2021 do Diagnóstico de Igualdade de Xénero no Medio Rural e, no segundo caso, a través de programas de cooperación territorial (PCT) contemplados na LOMLOE, o programa Escolas Conectadas, Campus Rural ou o relativo á dixitalización do sistema educativo.

No que incumbe ao emprendemento e o impulso á actividade empresarial débense destacar as axudas a mercados rurais sostibles ou o financiamento e convocatoria de accións de formación en cualificación e recualificación da poboación activa.

Por último, no eixo sobre reforzo de servizos públicos e descentralización impulsouse a desconcentración de infraestruturas públicas en todo o territorio, favorecendo o efecto tractor das institucións e servizos públicos nas zonas en declive demográfico. A modo de exemplo cítase, por exemplo, o Centro de Proceso de Datos da Seguridade Social en Soria ou os centros da UNED en Ponferrada (León) e Alcañiz (Teruel).

No caso de comunidades e cidades autónomas son varios os avances que se poden mencionar. Así, despregáronse subvencións para o fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, así como para impulsar o emprendemento e a actividade económica nas zonas rurais. Do mesmo xeito, varias rexións implantaron un sistema de bonificacións e fiscalidade diferenciada naqueles territorios afectados polo despoboamento, á vez que se desenvolveron plans e estratexias de desenvolvemento rural e de turismo sostible. Outras liñas destacadas de actuación que permiten avanzar nesta política aceleradora ten que ver coa implantación de plans de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no medio rural ou as medidas de impulso e incentivos ao teletraballo e a mellora da mobilidade para dinamizar as zonas máis despoboadas.

Por último, dende as entidades locais estanse promovendo iniciativas de desenvolvemento social e económico para a xeración de oportunidades no medio rural, fomentando a ocupación laboral ou a reinserción de mulleres a través de programas e proxectos específicos. Así mesmo, impulsáronse plans de sostibilidade turística e promovéronse servizos de asesoramento a empresas e de facilitación da iniciativa empresarial. Nestes eixos de actuación prestouse especial atención, dada a súa relevancia, ao sector agrogandeiro. Por outra banda tamén se convocaron axudas económicas para o fomento da natalidade no mundo rural, tales como os cheques bebé e as axudas aos novos nacementos, á vez que se ofertaron programas de conciliación da vida familiar e laboral. Finalmente os avances orientáronse cara á mellora das infraestruturas, sobre todo no ámbito dixital, a través da mellora de cobertura de acceso a novas tecnoloxías e a conectividade de pedanías, así como mediante as axudas kit dixital ou a xeración de espazos de coworking e networking para empresas, entre outros.

OUTRAS ACTUACIÓN TRANSFORMADORAS

Sistema Integral de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sostible

A implementación da Axenda 2030 demanda políticas transformadoras a través de procesos de carácter multidimensional, o cal leva a repensar as estruturas e mecanismos tradicionais de política pública e a transcender a lóxica de compartimentos estancos. Neste sentido, o ODS 17, meta 14, traslada aos gobernos as obrigacións para incorporar a coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible (CPDS) como principio que debe guiar as políticas públicas, destacando a este respecto a Recomendación do Consello sobre Boas prácticas institucionais para a promoción da coherencia de políticas ao desenvolvemento aprobada pola OCDE no ano 2019.

Por iso, a Estratexia de Desenvolvemento Sostible contempla o compromiso de implementación gradual dun Sistema Integral de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sostible e cuxo deseño está a ser impulsado por parte da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 a través da análise documental con consultas con representantes dos tres órganos de goberno para a Axenda 2030 (Comisión Delegada do Goberno para a Axenda 2030, Conferencia Sectorial para a Axenda 2030 e Consello de Desenvolvemento Sostible, a través do seu GT sobre Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sostible) así como coas achegas doutros órganos da Administración Xeral do Estado e de representantes da Comisión Mixta para a Coordinación e Seguimento da Estratexia Española para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e de organismos internacionais. O diagnóstico resultante mostrou que se require reconfigurar os espazos de participación e coordinación existentes, dotar aos empregados públicos de competencias e habilidades para incorporar a visión da coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible e, por último, a necesidade de avanzar en clave CPDS nas análises de impacto normativo e técnica orzamentaria.

Así mesmo, a adopción dun Sistema Integral de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sostible debe acompañarse de mecanismos de coordinación entre sectores e niveis de goberno para identificar e mitigar as diverxencias entre as prioridades e as políticas sectoriais, o que explica que dende a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 se traballe na creación dunha División para a Coordinación e Seguimento do Sistema Integral de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sostible.

Nun sentido analítico, resulta fundamental incorporar ferramentas metodolóxicas que permitan detectar as incoherencias entre as políticas públicas, podendo destacarse a este respecto a importancia da avaliación de impacto regulador que debe materializarse, seguindo os últimos traballos da Comisión Europea e da OCDE, nunha nova guía metodolóxica para a MAIN que incorpore aspectos medioambientais, económicos e sociais, interxeracionais e transnacionais en consonancia cos principios xerais de mellora reguladora (*better regulation*). Destaca a este respecto a creación dunha División para o Seguimento da Aplicación da Normativa Medioambiental destinada a asesorar a todos os departamentos sobre os efectos medioambientais dos diversos instrumentos de xestión do PRTR no cumprimento do principio *do not significant harm* (DNSH) e na etiquetaxe de contribución climática e ambiental dos investimentos.

Por último, tamén resulta esencial para avanzar na CPDS o reforzamento de mecanismos de seguimento, medición, avaliación e rendición de contas nas políticas públicas, destacando neste punto o Proxecto de Lei de Institucionalización da Avaliación de Políticas Públicas na Administración Xeral do Estado que pretende promover unha verdadeira cultura da avaliación.

Aliñamento orzamentario

O aliñamento dos orzamentos públicos cos ODS constitúe un dos elementos clave para orientar as políticas públicas cara ao desenvolvemento sostible na súa tripla dimensión social, medioambiental e económica, xunto á dimensión institucional. Así, derivado do mandato establecido no Plan de Acción da Axenda 2030 de 2018 de acompañar os Orzamentos Xerais do Estado (PGE) cun informe de aliñamento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, os Orzamentos Xerais do Estado para 2021 foron os primeiros en incluílo.

Para 2023 trabállase na elaboración dun novo informe de aliñamento dos PGE que pondere a contribución das políticas de gasto e dos programas orzamentarios á consecución dos ODS a partir de melloras metodolóxicas para incrementar a súa especificidade, precisión e transparencia.

Ademais, desde o punto de vista medioambiental e de xénero, destaca que o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia incorporou como novidade para os PGE para 2023 un informe de aliñamento coa transición ecolóxica na súa dimensión verde, á vez que o Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes 2022-2025 introduce como obxectivo a “mellora das metodoloxías para integrar a perspectiva de xénero nos orzamentos públicos”.

Finalmente, as comunidades autónomas e as entidades locais tamén iniciaron procesos de aliñamento orzamentario cos ODS. Nestas últimas destaca a guía de aliñación orzamentaria da Axenda 2030 nos orzamentos das entidades locais que se atopa en fase de desenvolvemento por parte da Federación Española de Municipios e Provincias.

Contratación e compra pública sostible

O ODS 12, na súa meta 7, insta aos gobernos a “promover prácticas de adquisición pública que sexan sostibles, de conformidade coas políticas e prioridades nacionais”. Dada a súa natureza horizontal e o enorme volume de recursos que mobilizan, a contratación e a compra pública poden contribuír á consecución de obxectivos propios doutras políticas públicas como son os sociais e laborais, medioambientais, de apoio ás pemes, a innovación e o desenvolvemento ou a defensa da competencia.

Esta aproximación, que xa se recolle no texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, foi clave para o desenvolvemento do Plan de Contratación Pública Ecolóxica 2018-2025, e do Plan de Impulso á Contratación Socialmente Responsable, de 2019, que está previsto que sexa tido en conta na futura Estratexia Nacional de Contratación Pública.

En canto aos avances introducidos ao longo do último ano destaca a incorporación, na Lei 7/2021, de medidas relacionadas coa contratación pública, tales como a inclusión nos pregos de contratación cando garda relación co obxecto do contrato, de criterios de adxudicación vinculados coa loita contra o cambio climático e de prescricións técnicas particulares que establezan a necesaria redución de emisións e da pegada de carbono.

Así mesmo, destaca a incorporación da economía circular no ámbito da contratación centralizada, obxectivo materializado na Estratexia Española de Economía Circular 2030, que supuxo a inclusión de criterios de circularidade entre os criterios de adxudicación cualitativos, así como nas condicións técnicas e especiais de execución nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas dos contratos centralizados e acordos marco. Neste sentido, finalmente, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación vén impulsando a cohesión social, a sustentabilidade medioambiental, a adquisición e prestación de bens e servizos públicos de calidade e fomento da participación de pemes nos contratos centralizados postos en marcha.

GOBERNO E AVANCES ESTRATÉXICOS NA IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA 2030 POR PARTE DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

A implementación da Axenda 2030 constitúe un auténtico reto de goberno que implica a articulación dos diferentes niveis territoriais, así como a incorporación da participación de diferentes actores nas políticas públicas. Por iso, precisamos desenvolver mecanismos institucionais eficaces e incluíntes para abordar as interaccións das políticas entre sectores e para coordinar as accións entre os distintos niveis de goberno.

No noso país as administracións autonómicas teñen un papel fundamental na aplicación da Axenda 2030 ao ter transferidas un gran número de competencias estreitamente vinculadas co seu logro. O compromiso político das comunidades autónomas coa Axenda 2030 é evidente, tal e como xa quedou reflectido no informe de progreso *Reconstruír o común. A Axenda 2030 en España* realizado en 2020 e tal e como se constata tamén no presente informe.

Planificación para lograr os obxectivos: estratexias e informes para a rendición de contas

A planificación estratéxica das accións que hai que desenvolver en materia de implementación da Axenda 2030 é un dos mecanismos que con máis claridade adquiriron maior relevo nos últimos anos. Así, un bo número de comunidades autónomas aprobaron plans ou estratexias que recollen con claridade as prioridades de actuación e establecen metas específicas para cada un dos 17 ODS, entre as que destacan Canarias, Castela-A Mancha ou a Rexión de Murcia. Outros gobernos autonómicos tamén sentaron as bases para avanzar na implementación da Axenda 2030, como é o caso da Comunidade Valenciana ou Cataluña, á vez que noutras comunidades autónomas se foron despregando plans adicionais aos traballos xa reportados en 2020, tal e como reflicten os casos de País Vasco, Castela e León ou Galicia.

Así mesmo, novas comunidades autónomas comezaron a elaborar documentos que miden o progreso e resultado das súas políticas e a súa aliñación cos ODS da Axenda 2030. É o caso de Canarias, o Principado de Asturias, Castela e León, a Comunidade Foral de Navarra ou a Rexión de Murcia.

No seu conxunto, os datos reportados polas comunidades autónomas indican que en trece delas se dispón de plans ou estratexias para a implementación da Axenda 2030 e as súas ODS, cifra que contrasta cos once casos reportados no anterior informe de progreso. En canto ás comunidades autónomas que desenvolveron informes de progreso, desenvólérono oito respecto das 6 que o fixeron en 2020.

Por outra banda, tras a aprobación da Axenda 2030 e no marco da preparación do Plan de Acción para a Implementación da Axenda 2030, as comunidades autónomas, a través da Comisión Interterritorial de Estatística (CITE), colaboraron co INE en relación cos indicadores da Axenda 2030, existindo desde 2018 un grupo de traballo, no seo do CITE, para intercambiar experiencias e metodoloxías en canto á elaboración de indicadores da Axenda 2030. Sumamos a iso que un importante número de comunidades autónomas adaptaron á realidade territorial os indicadores identificados para a medición da implementación da Axenda 2030, tanto a nivel nacional como internacional.

Mecanismos de coordinación política e de goberno interterritorial da Axenda 2030

As alianzas dentro dos propios gobernos autonómicos e tamén a nivel territorial con administracións locais e o traballo conxunto coa sociedade civil organizada, o sector privado e a academia son elementos centrais do goberno para a implementación da Axenda 2030. As comunidades autónomas, dentro da súa xestión, estableceron de forma maioritaria canles e mecanismos regrados e non regrados para realizar o necesario diálogo e coordinación, sendo até dezaseis os casos onde se detectaron.

Ademais, en moitos casos tamén se conta con foros de goberno da Axenda e dos ODS, o cal se suma a que as comunidades autónomas tamén destacan pola localización dos ODS coa colaboración de entidades do ámbito privado e representantes da sociedade civil e a academia, ademais doutros mecanismos de participación pública a toda a cidadanía.

Aliñación orzamentaria e normativa

No marco do aliñamento dos orzamentos públicos cos ODS apréciase que as comunidades autónomas emprenderon un proceso de impulso con respecto ao reportado no anterior informe de progreso. No seu conxunto, até doce gobernos autonómicos, fronte ao seis que o fixeron en 2020, realizaron exercicios de aliñación dos seus orzamentos á Axenda 2030. Tamén atopamos comunidades que contan con ferramentas metodolóxicas de análise de aliñamento orzamentario cos ODS, que inclúen información sobre a achega dos diferentes programas orzamentarios con cada un dos obxectivos ou que comezaron a vincular proxectos e estratexias cos ODS e metas globais da Axenda 2030 como pasos previos para a implantación da metodoloxía de orzamentos orientados a resultados.

En canto á aliñación normativa, se no anterior informe de progreso foron catro as comunidades autónomas que informaron de iniciativas dirixidas a aliñar a súa normativa cos ODS, nesta ocasión comprobamos que o proceso se iniciou xa noutras, até alcanzar once gobernos autonómicos. A este respecto destacan casos como o de Canarias, Castela-A Mancha ou a Rexión de Murcia, esta última promovendo a modificación da guía metodolóxica para que a elaboración da Memoria de Análise de Impacto Normativo (MAIN) incorpore o impacto nos ODS.

A CONTRIBUCIÓN DOUTROS ACTORES

A imprescindible contribución das Entidades Locais na localización da Axenda 2030

Os gobernos locais constitúen un actor esencial por atoparse no nivel máis próximo á cidadanía e contar con competencias e responsabilidades fundamentais para a consecución da Axenda 2030, especialmente no que concirne á prestación de servizos públicos básicos e á promoción socioeconómica dos territorios do noso país. Así, tal e como sinala o Consello de Municipios e Rexións de Europa, ao redor do 70 % dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible deben ser alcanzados no plano local.

Por iso, a través do enfoque “abaixo a arriba” na territorialización das medidas para o avance da Axenda 2030, a propia Estratexia de Desenvolvemento Sostible confire un lugar destacado ás entidades locais na planificación e execución dos ODS no noso país.

Un dos actores clave no impulso da participación dos gobernos locais na implementación da Axenda 2030 é a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). Precisamente, un dos avances máis destacados foi a progresiva ampliación da Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030, constituída en outubro de 2020, e que xa conta na actualidade con 478 entidades adheridas que representan a máis de 26 millóns de habitantes.

Por iso, un dos esforzos máis destacables foi a posta en marcha e a consolidación de espazos de colaboración institucional coa FEMP, tal e como evidencia o convenio marco de colaboración subscrito entre a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 e a FEMP en febreiro de 2021, así como o convenio específico entre ambas as partes en novembro de 2021 para o fortalecemento da Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030. Outro avance destacado foi a subvención nominativa á FEMP cunha dotación de 600.000 euros nos Orzamentos Xerais do Estado de 2022, por parte da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 para o fortalecemento da Rede de Entidades Locais para a Axenda 2030 e o desenvolvemento de estratexias e plans para o impulso da localización da Axenda 2030.

Ademais das accións en rede e de coordinación levadas a cabo pola FEMP, os concellos, deputacións provinciais, cabildos e consells insulares están a desenvolver igualmente importantes esforzos na localización e implementación da Axenda 2030 nos seus respectivos ámbitos de actuación. Neste sentido, outro dos grandes avances foi a convocatoria por parte da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, en agosto de 2022, de subvencións en réxime de concorrència competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais.

Con todo, conseguiuase promover o traballo en rede e a procura de alianzas para impulsar políticas de desenvolvemento sostible a nivel local e articular unha verdadeira arquitectura institucional multiactor e multinivel.

O papel das organizacións da sociedade civil

A sociedade civil organizada é unha panca de cambio que contribúe, como axente transformador e catalizador da participación e sensibilización da sociedade no ciclo das políticas públicas, á posta en marcha de solucións concretas e innovadoras. É, por tanto, unha peza fundamental para alcanzar consensos de cara á implementación da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, a cal propón a elaboración de actuacións destinadas a apoiar e fortalecer iniciativas e accións por parte das organizacións, plataformas e movementos sociais en defensa dos ODS.

Neste marco, dende a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 impulsáronse actuacións para o fortalecemento do Consello de Desenvolvemento Sostible como espazo privilexiado de colaboración e canle de participación da sociedade civil, no que se constituíron grupos de traballo en base ás prioridades do seu plan de traballo.

Por outra banda, dende a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 púxose en marcha unha liña de subvencións destinadas a financiar proxectos e actividades realizadas por plataformas, organizacións da sociedade civil e asociacións sen ánimo de lucro, entidades do ámbito da economía social, universidades e organismos

públicos de investigación que favorezan o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Na convocatoria de 2021 conseguíronse financiar 58 proxectos que inciden nun ou varios retos dos establecidos na Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, mentres que para o ano 2022 púxose en marcha unha nova convocatoria cunha dotación de 10 millóns de euros que será resolta ao longo do último trimestre do ano.

O papel da cultura no desenvolvemento sostible

A pesar de que non se consagrou un ODS específico para a cultura si está presente de maneira transversal en metas relacionadas coa educación, o logro de cidades sostibles, a seguridade alimentaria, a protección do medio ambiente, o crecemento económico sostible ou o fortalecemento de sociedades inclusivas e pacíficas. Por iso, a integración da cultura no imaxinario da Axenda 2030 é unha aposta decidida polo desenvolvemento cultural e o seu papel para a consecución de sociedades máis xustas e democráticas.

Neste marco o sector cultural, a través das súas múltiples canles de expresión, ten un papel fundamental na difusión da Axenda 2030, á vez que constitúe un actor relevante para a consecución dunha práctica cultural sostible.

Co obxectivo de aumentar a presenza do sector cultural nas narrativas sobre o desenvolvemento sostible a partir dun enfoque multinivel, a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 subscribiu varios convenios entre 2021 e 2022 coa Rede Española para o Desenvolvemento Sostible (REDS). Neste sentido, un dos primeiros avances e actuacións foi a organización do taller multiactor “Contribuíndo á Estratexia de Desenvolvemento Sostible dende a Cultura”, ao cal se suma a celebración da IV edición da “Xornada pública sobre cultura e desenvolvemento sostible” que incluíu a presentación da publicación “Guía para empezar cos ODS na cultura”. Finalmente, tamén se pode sinalar a elaboración da Guía metodolóxica para presentar evidencias dos impactos da cultura ao desenvolvemento sostible no Exame Nacional Voluntario.

Por todo iso, a implementación da Axenda 2030 pasa indiscutiblemente por recalcar a importancia do sector cultural e o seu enorme valor social, pois a través do coñecemento e da creatividade constitúe unha ferramenta esencial na consecución de sociedades equitativas, solidarias e resilientes.

O sector empresarial na implementación da Axenda 2030

A Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, en liña co mandato de Nacións Unidas, recoñece o papel fundamental das empresas na consecución da Axenda 2030 e mostra a vontade de traballar conxuntamente con aquelas empresas que se corresponsabilicen da consecución dos ODS.

No caso de España, o sector empresarial está gradualmente asumindo a Axenda 2030 como guía para integrar o desenvolvemento sostible na súa actividade, como mostran os resultados das consultas realizadas dende o 2018 pola Rede Española do Pacto Mundial. A última delas constata un progresivo coñecemento da Axenda 2030 e do recoñecemento de que a integración da sustentabilidade e os ODS reporta maiores vantaxes competitivas e impacta de forma positiva nos resultados económicos da empresa. Así mesmo, a consulta mostra que hai unha maior concienciación sobre a necesidade de capacitar e formar a grupos de interese en sustentabilidade e ODS, destacando positivamente o incremento das medidas relacionadas coa igualdade de xénero, a través de plans de conciliación laboral e plans de igualdade, e as relativas ao medio ambiente, enerxías renovables e medición de emisións.

A pesar diso, requírese un impulso á medición e á avaliación da contribución das empresas á consecución da Axenda 2030, o que require que se expoñan obxectivos cuantificables con límite de tempo e unha implantación efectiva da sustentabilidade.

Dende a Secretaría de Estado para a Axenda 2030 trabállase para impulsar iniciativas que permitan ás empresas incorporar progresivamente os ODS ás súas prácticas empresariais e que dean resposta ás actuacións prioritarias marcadas na Estratexia de Desenvolvemento Sostible. En concreto, e froito da convocatoria de subvencións realizada en 2021, financiáronse proxectos como a consulta ao sector empresarial para facilitar a identificación de liñas de traballo tendentes a aumentar o compromiso do sector empresarial coa Axenda 2030, á vez que se subvencionaron proxectos dirixidos ao fortalecemento e consolidación de proxectos de emprendemento na economía social.

